

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

ASUNTO: APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NA MODALIDADE DE XERACIÓN DE CRÉDITO (EXPTÉ XC 9-2020). FINANCIAMENTO POR PARTE DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA PARA A “DOTACIÓN DE NOVIDADES EDITORIAIS EN GALEGO EN FORMATO FÍSICO, E PARA A MELLORA DAS COLECCIÓN BIBLIOGRÁFICAS CON DESTINO ÁS BIBLIOTECAS E/OU AXENCIAS DE LECTURA PÚBLICAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL, INTEGRADAS NA REDE DE BIBLIOTECAS DE GALICIA”

Visto o expediente tramitado relativo ao compromiso firme de financiamento polo importe de 4.830,92 €, en base á Resolución da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, de data 8/07/2020, que obra no expediente, para a adquisición de novidades editoriais en galego (importe total do gasto subvencionable é de 4.830,92 €, o coeficiente de financiamento 100 % se verificará ao final da execución efectiva e o importe da subvención é 4.830,92 €), propúxose a tramitación do correspondente expediente de crédito mediante a modalidade de xeración de crédito (compromisos firmes de aportación), e examinados os antecedentes obrantes no expediente:

- Resolución da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, de data 8/07/2020 para a adquisición de novidades editoriais en galego.

-Proposta da Excma. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, de data 31/07/2020 de iniciación do expediente de modificación de crédito, mediante a modalidade de xeración de crédito por mor da executividade dos recursos afectados.

ESTADO DE INGRESOS: Compromisos de ingreso da Xunta de Galicia.-S1511001H

Concepto	Código proxecto	Denominación	Importe
75080	20XX00036	Mellora das coleccións bibliográficas	4.830,92 €

ESTADOS DE GASTOS: Xeración de créditos en base os compromisos firmes de aportacións anteriores.

Aplicación Orzamentaria	Código proxecto	Denominación	Importe
33211.62500	20XX00036	Mellora das coleccións bibliográficas	4.830,92 €

INTERVENCIÓN

MVF/mjlc

Refª: ispac7335007279982223523.doc

Asunto: Decreto aprobación modificación orzamentaria XC 9-2020

A tal efecto e tendo en conta que o recurso proposto para financiar a presente modificación orzamentaria é o compromiso firme de aportación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación universitaria da Xunta de Galicia (S1511001H) que obra no expediente, de data 08/7/2020 por importe de 4.830,92 € (Código de proxecto 20XX00036)

Tendo en conta igualmente que o actual expediente de Modificación de créditos aparece nivelado no seus Estados de Gastos e Ingresos, conforme queda indicado.

-Informe favorable da Intervención Xeral Municipal Ref. 2020/583 do 31/07/2020.

Vistos os antecedentes anteriores, considerando o disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado, e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO**:

Aprobar o presente expediente de modificación de crédito mediante a modalidade de xeración de créditos (expediente número 9-2020), introducíndose nos estados de gastos e ingresos, as seguintes modificacións, con imputación aos códigos de proxecto que máis abaixo se sinalan, creando, de ser o caso, as aplicacións orzamentarias indicadas:

Xeración de créditos.-

ESTADO DE INGRESOS:Compromisos de ingreso da Xunta de Galicia.- S1511001H

Concepto	Código proxecto	Denominación	Importe
75080	20XX00036	Mellora das coleccións bibliográficas	4.830,92 €

ESTADOS DE GASTOS: Xeración de créditos en base os compromisos firmes de aportacións anteriores.

Aplicación Orzamentaria	Código proxecto	Denominación	Importe
33211.62500	20XX00036	Mellora das coleccións bibliográficas	4.830,92 €

INTERVENCIÓN

MVF/mjlc

Refª: ispac7335007279982223523.doc

Asunto: Decreto aprobación modificación orzamentaria XC 9-2020

Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo cal deberase introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados deste expediente.

Cúmprase.